

**PLAN DE TRABALLO DA COORDINADORA DE
BENESTAR E CONVIVENCIA DO COLEXIO
CASA DE LA VIRGEN. CANGAS**



INTRODUCCIÓN:

Según a *Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia*, que dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro.

Na ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. Este é o plan de traballo tal e como se desenvolve no artigo 4 deste mesma orde. Foi elaborado pola persoa coordinadora; Inmaculada Pérez Aparicio, designada pola dirección do centro Don Raimundo Santomé Martínez o en coordinación cos membros do equipo directivo do centro, por un período de dous anos,

ANÁLISE DO CONTEXTO:

O plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico 23- 24

Formará parte do Plan de convivencia do centro en coordinación co Plan de acción tutorial (PAT)

FUNCIÓNS DA PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA:

1. A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente.
2. As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:
 - a) En coordinación co equipo directivo:
 - Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
 - Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
 - Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
 - Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
 - Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
 - Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
 - Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

– Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

– Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

– Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.

– Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

– Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

– Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

OBXECTIVOS DO PLAN Y ACCIONS A DESENVOLVER.

Tal e como determina a resolución antes mencionada estableceranse accións relacionadas cos tres ámbitos de traballo, ditas accións especificanse a continuación: Tal y

ÁMBITO DE DIFUSIÓN

Establécense accións co fin de traballar os seguintes obxectivos:

1. Difundir as súas funcións e informar do procedemento para seguir para comunicar posibles situacións de violencia ou desprotección no centro educativo ou na contorna, incluído os posibles casos de acoso escolar.

2. Informar sobre os protocolos existentes no ámbito educativo ante calquera expresión de violencia:

- Protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar.
- Protocolo de prevención da violencia de xénero.
- Protocolo para o acompañamento e atención á diversidade de xénero

3. Detectar as necesidades formativas en materia de convivencia e benestar do alumnado e propoñer accións formativas dirixidas á comunidade educativa.

4. Orientar á comunidade educativa sobre o uso dos datos de carácter persoal do alumnado menor de idade a través da difusión de manuais ou orientacións específicas.

ÁMBITO DE DIFUSIÓN		
ACCIONS	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
1. Elaborar unha infografía con procedemento para comunicar posibles situacións de violencia, e colgala na sala do profesorado para a súa consulta.	Coordinadora de benestar e convivencia	Primeiro trimestre
2. Explicar nun claustro o procedemento para seguir para comunicar posibles situacións de violencia, ademais de onde poden localizar esa información en caso de necesitala ao longo do curso	Xefatura de estudos	Primeiro trimestre
3 Expoñer nun claustro a normativa vixente sobre convivencia escolar en Galicia e a forma de xestionala no centro	Xefatura de estudos	Primeiro trimestre
4. Compartir co claustro a través do correo corporativo do centro ou ligazón directo aos protocolos que determina a Consellería de Educación.	Coordinadora de benestar e convivencia	Primeiro trimestre
5. Explicar nun claustro o procedemento para seguir segundo os protocolos da consellería, ademais de onde poden localizar esa información en caso de necesitala ao longo do curso	Coordinadora de benestar e convivencia,e Coordinadora de igualdade.	Primeiro trimestre
6. Difusión de manuais e orientacións específicas sobre a protección de datos a través de correo electrónico do claustro	Xefatura de estudos, coordinador DO Plan de protección de datos	Primeiro trimestre
7. Difundir a páxina da área de convivencia da consellería (educonvives) onde están aloxados diferentes recursos para que o profesorado poida traballar e fomentar o benestar e protección do alumnado, a través do correo do centro do centro e expoñelo nun claustro.	Coordinadora de benestar e convivencia	Primeiro Trimestre
8. Informar na primeira reunión do Consello Escolar do nome da Coordinadora de benestar e convivencia, así como describir as súas funcións e as diferentes accións que se desenvolverán o longo do curso relacionadas coa	Dirección do centro	Primeiro Trimestre

ÁMBITO DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN:

Establécense accións co fin de traballar os seguintes obxectivos:

1. Xestionar o Protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar.
2. Contribuír ao deseño e á actualización do Plan de Convivencia.
3. Impulsar, en colaboración co equipo da comisión da convivencia, proxectos e actividades que favorezan a convivencia positiva, así como o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos como o servizo de mediación.

4. Colaborar na implementación de actividades, campañas, plans e programas dirixidos á prevención do acoso escolar e á mellora da convivencia e do benestar e a protección do alumnado.

ÁMBITO DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN		
ACCIÓNS	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
1. Designar a persoa que levará os casos de acoso e xestionar o procedemento.	Dirección del centro, coordinadora de bienestar e convivencia	Todo o curso
2. Actualizar o Plan de Convivencia do centro. Incluindo este plan	Equipo Comisión de convivencia	Setembro- outubro
3. Incluir no PAT tutorías destinadas a: - Cohesión grupal. - Habilidades sociais e empatía. - Respeto á diversidade. - Promoción da saúde. - Traballo en igualdade- Plan de igualdade. - Expresión de emocións. - Expectativas de futuro. A temporización desas titorías e o número de sesións están recollidas no PAT.	Orientadora do centro en colaboración con la coordinadora de bienestar e convivencia	Primeiro trimestre
4. Instalación dun buzón para a recepción de ideas para a mellora da convivencia .	Secretaría, persoal de mantemento	Segundo trimestre
5. Creación de un espacio no centro onde colgar información relativa a: - Mediación entre iguais - Alumnado axudante. - Prevención do suicidio. - Prevención do acoso escolar. - Prevención da violencia de xénero.	Xefatura de estudos coordinadora de benestar e convivencia e orientadora	Todo el curso.
6. Participación no programa de convivencia as accións de traballo se especifican no seu plan	Coordinador do Plan convivencia + coordinadora de benestar e convivencia	Primer trimestre con as accións distribuídas en todo o curso.
7. Organizar Xornadas para dar a coñecer o Protocolo de prevención de condutas suicidas con accións para el alumnado y formación para el profesorado, e país a través da escola de país	Xefatura de estudos, coordinadora de benestar e convivencia e orientadora	Segundo e terceiro trimestre
8. Poner en marcha un proxecto TEAcollemos, que tene como finalidade apoiar ó alumnado TEA a desenvolverse dentro do centro educativo desenvolvendo habilidades sociais e comunicativas exitosas.	Coordinadora de benestar e convivencia e Departamento de Orientación	Todo el curso

9. Dinamizar actividades para o fomento da boa convivencia do centro e o benestar do alumnado tales como: - Carreira solidaria. - Plan lector diario - O Boliño solidario - Actividades do 25N - Semana da saúde A temporización desas actividades están recollidas na PXA.	Dirección do centro+ Departamento de Pastoral+ claustro de profesores + Coordinadores/as dos diferentes departamentos + Coordinadora de benestar e convivencia	Todo el curso
10. Implementar no plan de formación accións que favorezan un ambiente positivo no centro, e prevención de conflitos.	Dirección/Coordinador do plan de formación	Todo el curso
11. Realización de actividades nos “días sinalados” para fomentar a boa convivencia no centro: – Día dos fundadores (27 de setembro). – Samaín - Agosto – Nadal – Entroido - Celebración do Día das Letras galegas - Semana cultural (fin de curso)	Dirección en coordinación cos diferentes Departamentos	Todo el curso
12. Difusión no centro e a través das redes sociais de campañas e actividades ofertadas na zona o polo concello relacionadas co fomento do benestar e protección do alumnado.	Dirección+ Coordinador TIC	Todo el curso
13. Seguir traballando co alumnado da ESO na programación da materia de EF actividades que teñan como finalidade formar o alumnado nos primeiros auxilios básicos.	Departamento de Educación Física .	Todo el curso
14. Implementación actividades co alumnado que teñan como finalidade realizar rutas de senderismo pola contorna nas que se promova a actividade física e a boa convivencia.	Xefatura de Estudos e Claustro de profesores	Todo el curso
15. Oferta de actividades extraescolares deportivas no horario de tarde para promover actividade física e ocio saudable.	Dirección	Todo el curso
20. Participación nos diferentes proxectos que, con esta temática se ofertan dende o Concello u outras institucións	Dirección; Xefatura de Estudos e Coordinadora de benestar e convivencia	Todo el curso

ÁMBITO DE DIFUSIÓN

Establécense accións co fin de traballar os seguintes obxectivos:

1. Trasladar nos claustros trimestrais e ao Consello Escolar información sobre a xestión para o benestar e a protección do alumnado do centro, recollendo propostas para a concreción de medidas.
2. Colaborar cos seguintes axentes educativos para o deseño e implementación de accións que favorezan o benestar emocional e a protección do alumnado, así como a mellora da convivencia e o clima escolar:
 - a. Coa Comisión de Convivencia.
 - b. Coa persoa coordinadora de formación do centro para a selección das temáticas do itinerario formativo.
 - c. Coa orientadora para o deseño e a elaboración de titorías.
 - d. Coas persoas coordinadoras dos Eixos de Promoción da Saúde e a Educación. Emocional, Igualdade e Educación Afectivo Sexual e de Xénero, Participación e familias nas Escolas de País
3. Coordinar coa dirección do centro educativo a derivación ás autoridades competentes dos e as menores en risco, segundo os protocolos e procedementos establecidos para iso, e para todas aquelas accións relacionadas coas súas funcións.

ÁMBITO COORDINACIÓN		
ACCIONS	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
1. Explicar en un claustro la figura da Coordinadora de benestar e convivencia e protección do alumnado.	Coordinadora de benestar e convivencia	Principio de curso
2. Exponer en los claustros de final de trimestre as acciones e medidas que se tomaron no trimestre anterior no tema relativo á convivencia do centro e fomento do benestar e protección do alumnado	Xefatura de estuios en colaboración coa coordinadora de benestar	en cada claustro de final de trimestre.
3. Establecer no horario da coordinadora de benestar unha reunión de coordinación con la orientadora do centro, e a xefatura, para o deseño e elaboración de titorías, además de intercambio de información sobre alumnado en risco ou vulnerable,	Xefatura de estudos	Principio de curso, a coordinación realizarase ó longo de todo o curso
4. Establecer un tiempo na reunión da comisión de convivencia para a coordinación para la implementación de actividades.	Dirección do Centro	Reunión Consello Escolar mes de xuño

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN DE TRABAJO

Este plan será revisado e actualizado ao longo de todo o curso co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade tanto do centro como do curso escolar. A final de cada trimestre valoraranse as accións de cada ámbito cun escala onde se indique se as accións están:

- a. Sen traballar
- b. Empezadas e en proceso
- c. Completas pero necesítase retomalas.
- d. Completas.

Ademais incluírase na avaliación unha proposta de melloras con aquelas accións que necesitan volver repetirse o vindeiro curso de igual maneira, as que necesiten modificación ou as que xa non sexa necesario realizalas xa sexa porque non funcionaron como se programou ou que xa se alcanzaron.